



ROIG RECHOU, Blanca-Ana / Isabel SOTO / Marta NEIRA RODRÍGUEZ (coords.) (2015): *Retorno aos clásicos. Obras imprescindibles da narrativa infantil e xuvenil*. Vigo: Xerais, 572 pp.

A Rede Temática de Investigación “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIJMI), coordinada dende a Universidade de Santiago de Compostela por Blanca-Ana Roig Rechou, publicou no ano 2015 este volume monográfico, co que son xa unha ducia as obras de estudo ao redor da literatura para os máis novos que ten editadas este colectivo de investigadores dende que se constituíu en 2004.

En *Retorno aos clásicos. Obras imprescindibles da narrativa infantil e xuvenil* propónse unha revisión de conceptos tan controvertidos coma debatidos, como o de *canon*, *canonicidade* ou *clásico*, cinguidos á literatura infantil e xuvenil tanto universal coma dos diferentes ámbitos lingüísticos dos que proceden os investigadores integrantes de LIJMI. Unha revisión que pon de manifesto a relevancia que estas obras literarias posúen á hora de formar os futuros lectores e lectoras, así como o intenso proceso de selección e reflexión nos que se amparan os criterios empregados na selección de cada sistema literario, configurando un mapa moi revelador da configuración destas literaturas.

Sen dúbida, o obxectivo principal de delimitar un posible canon de obras que sirvan de referencia a profesionais da mediación entre o libro e a lectura (docentes, bibliotecarios, familia, lexisladores educativos, editores...) está conseguido e todos os interesados en coñecer as propostas terán unha base sólida para a súa orientación nas recomendacións lectoras que realicen co fin de acadar unha formación literaria do lectorado máis novo.

O volume abre cunha breve introdución onde as coordinadoras adiantan a estrutura e os principais obxectivos da obra. Deseguido, nun amplo traballo introdutorio (“Los clásicos en las lecturas infantiles y juveniles”), María

Victoria Sotomayor Sáez reflexiona sobre a necesidade de revisitar os clásicos e pon de manifesto, acertadamente, que estes conforman a traxectoria educativa e literaria dos futuros lectores. Salienta as dificultades que conleva achegar unha definición do termo *clásico* e a controversia que isto suscita entre os estudiosos, ao igual que sucede cando se trata da escolla entre clásicos orixinais e posibles adaptacións. Este traballo marco dá paso a unha selección de vinte e cinco obras consideradas clásicas universais da literatura infantil e xuvenil, acompañadas na maior parte dos casos de comentarios literarios sobre o significado e as razóns que converteron estas obras en referentes ineludibles da historia e formación cultural e literaria de moitas xeracións que se achegaron na súa infancia e mocidade ás súas páxinas. Con certeza, son títulos de referencia, que forman parte do imaxinario colectivo e deixaron unha forte pegada na literatura posterior, caso de personaxes como o tenro boneco de madeira Pinocho, Alicia e o seu marabilloso mundo, o Principiño e a súa fantástica procura de lugares onde atopar respostas ou a alegría e fantasía da irreverente Pippi. Con esta selección ponse de relevo a continua preocupación pola transmisión, a través das súas páxinas, de valores necesarios para a formación dun lectorado que se converterá en adulto, a súa educación e formación como individuo libre e crítico. Exemplo disto é tamén a obra *O mago de Oz*, na que se tentou destacar, por exemplo, a importancia da igualdade entre nenos e nenas, da amizade e da valentía.

Se os clásicos universais ofrecen unha listaxe reducida (moitos máis poderían estar incluídos se non fosen os criterios dos seleccionadores tan restritivos cronoloxicamente), o groso do volume está conformado polas seleccións e comentarios dos diferentes ámbitos

lingüísticos do marco ibérico (castelán, catalán, éuscaro, galego e portugués) e iberoamericano (Brasil, México e Uruguay). Ábrese cada un dos diferentes ámbitos cun comentario xeral do conxunto das obras seleccionadas, as fontes manexadas e os criterios que levaron á súa escolla, non sempre coincidentes, senón adaptados ás particularidades e avatares históricos que condicionaron cada un dos sistemas literarios, para logo facer aproximacións individualizadas á maior parte destas obras, comentarios literarios que axudan a mediadores entre o libro e a lectura e a interesados en xeral nesta produción.

Por todo isto, *Retorno aos clásicos. Obras imprescindíbeis da narrativa infantil e xuvenil* convértese nunha peza máis do rico e variado mosaico de estudos monográficos que esta Rede Temática de Investigación vén desenvolvendo dende hai máis dunha década ao redor da literatura de potencial recepción infantil e xuvenil. Un intenso e rigoroso labor dentro

dun proxecto colectivo no que estudosos e estudosas contribúen significativamente á vertebración dun repertorio de obras fundamentais para os mediadores, tan carentes de formación sobre a historia e evolución das literaturas para os máis novos. Porén estes mediadores son os responsables de asentar as bases da formación lectora e literaria do público infantil e xuvenil, malia careceren dos coñecementos fundamentais sobre qué instrumentos son eficaces para exercer este labor. É por iso tan de agradecer que se publiquen obras coma esta, coa que se poderán resolver as dúbidas que tan frecuentemente xorden cando se trata de facer unha boa escolla que teña en conta a diversidade de intereses e gustos dos posibles lectores e lectoras, á vez que contribúa á súa formación a través das diferentes formas de entender o mundo.

Ana Belén MOREDA RODRÍGUEZ
CRPIH, Santiago de Compostela
moreda@edu.xunta.es